

Unidade de Análises e Programas

Memoria 2023



A publicación do presente informe está aliñado co cumprimento do ODS 16, e en particular, coa meta 16.6 que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade e co ODS 17, e en particular, coa meta 17.18 que busca aumentar significativamente a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de calidade.



OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE

Índice

1.	Introdución.	2
2.	Unidade de Análises e programas.	4
3.	Dataset.	5
4.	Solicitud de datos.	6
5.	Estatísticas.	12
6.	Xestión de indicadores e programas institucionais.	19
7.	Xestión do sistema de QSP	22
8.	Transparencia.	25
9.	Rankings.	28
10.	Responsabilidade social.	31
11.	Plan estratéxico.	33
12.	Informes.	34
13.	. Organización .	36
14.	Principais necesidades detectadas.	38
15.	Plan de financiamento do SUG 2022-2026 e custos da Unidade de Análises e Programas.	40
16.	Formación.	42
17.	Agradecementos.	43
	Anexo I. Cadro de actividades.	44
	Anexo II. Cadro de competencias.	45
	Anexo III. Plan de financiamento por resultados.	47
	Información de contacto	49

1. *Introdución.*

O obxectivo da seguinte memoria é recoller a información das actividades da Unidade de Análises e Programas durante o ano 2023. Recóllense nela os grandes grupos de actividade que desenvolve a UAP, como poden ser a recollida de datos para a participación nas estatísticas oficiais, a xestión de indicadores, a xestión do sistema de QSP, a xestión do Portal de transparencia, o tratamento de datos para os rankings nos que participa a UVigo ou a colaboración no relativo á Responsabilidade Social Universitaria, pero tamén as principais necesidades detectadas e a formación recibida polos recursos humanos da UAP. Como parte da súa rendición de contas a UAP tamén realiza os informes relativos á Transparencia da UVigo, á memoria das QSP e a de RSU da nosa institución.

En canto aos aspectos máis destacados do 2023 debemos recalcar que a UAP é a unidade de referencia para recibir e transmitir os datos oficiais da UVigo. Durante o 2023 o número de solicitudes de datos acadou a cifra de 245, lixeiramente superior o ano anterior, pero que amosan a centralización do pedimentos de datos na unidade.

Como é habitual mantense o traballo coas principais estatísticas oficiais nas que debe colaborar a UVigo, como son as do INE, SIIU, ou IGE. Nelas recóllense datos e información oficial sobre o custe laboral, I+D, información para o Rexistro Central de Persoal, información sobre investigación e transferencia ou actividade de cultura científica.

En relación coa xestión de indicadores e programas institucionais, a UAP continúa elaborando os cálculos para o contrato programa de centros, utilizado para ao reparto orzamentario.

Durante o ano 2023 continúaase aportando a información que é utilizada por diversos rankings, nacionais e internacionais, dos que cabe destacar o ranking de Shanghai, as diversas modalidades do ranking THE, o Green Metric ou o QS, por ser os máis destacados.

No apartado de Responsabilidade social universitaria (RSU) a UAP, na elaboración da memoria de RSU da nosa universidade, e con outros informes como son o informe da posición no THE university impact ranking o informe da posición no ranking Green Metric, e tamén o informe de desempeño dos ODS da Axenda 2030.

Neste memoria coméntase a participación da UAP na recompilación de evidencias e datos para o seguimento do plan estratéxico 2021-2026.

Nos últimos apartados coméntase as necesidades informáticas xa reiteradas en anteriores memorias e que seguen manténdose, e da proposta de dotación de persoal propio coa creación dunha escala *Técnica de Análise de datos*, subescala *Datos* que permita fornecer con persoal especializado a xestión máis complexa do ecosistema de información da universidade.

2. Unidade de Análises e programas.

A Unidade de Análises e Programas (en adiante UAP) é a unidade administrativa encargada da explotación de datos na Universidade de Vigo e para iso recompila información da mesma para facilitarlla tanto a usuarios internos como externos, en estatísticas, rankings, portal de transparencia, dereito de acceso, etc.

Entre as súas funcións destacan a realización de estudos, informes e estatísticas, centralizando os datos estatísticos da universidade. Tamén se encarga de dar publicidade a ditos datos, e de todos aqueles que se atopan suxeitos a obrigas de publicidade activa pola normativa de transparencia, estatal, autonómica e da propia universidade, xestionando para tal fin o [Portal de Transparencia](#) da nosa institución e ao igual que tamén coordina e xestiona o [sistema de queixas, suxestións e parabéns](#) da UVigo. Todo isto en estreita colaboración co resto das unidades e servizos.

Ademais das actividades e programas descritos no parágrafo anterior, a UAP colabora nas seguintes accións: na calidade e estratexia da universidade, aportando indicadores para os programas de calidade; contratos programas de centros e elaboración da memoria de Responsabilidade Social.

A UAP, dada a transversalidade das funcións e actividades que executa, depende directamente da Xerencia da UVigo, sen que exista dependencia funcional de ningunha vicerreitoría concreta e prestando servizo de datos a todas elas. Nestes momentos a unidade conta cun total 5 efectivos: un coordinador, unha xefa de área, un xefe e unha xefa de negociado e un posto base e non dispón de orzamento propio.

3. Dataset.

A UAP, como unidade encargada da explotación de datos da UVigo, recompila información para facilitarlla tanto a usuarios internos como externos. Para isto realiza peticións de datos a diversos servizos e unidades. A listaxe de peticións recóllense nun arquivo denominado **DataSet**. Analizando o mesmo podemos ver que se solicitan un total de **103 arquivos de datos** e información diferentes a un total de **43 unidades**. A información solicitada fai referencia a diferentes áreas como a académica, biblioteca, cultura, deportes, docencia, económica, investigación, igualdade, persoal, medio ambiente, etc.

En canto a utilización da información de ditas peticións aos servizos, é moi variada. Ademais de ser a provedora de datos para rankings e estatísticas oficiais tamén, é utilizada para fornecer información interna, tal como: memoria RSU, acreditación, contrato programa ou Portal de Transparencia, sobre todo para o apartado UVigo en cifras. O mes no que máis peticións de datos se realizaron foi xaneiro, cun total de 22, seguido de febreiro con 18 e marzo con 17 peticións.


Ao feito de realizar as peticións, vía correo electrónico, é preciso engadir o seguimento das mesmas, que leva consigo: reiteramento da petición se non é respondida, revisión dos arquivos recibidos para contrastar se conteñen toda a información precisa e a elaboración da información que con eles se pretende recuperar.

Aparte dos pedimentos recollidos en DataSet, ao longo do ano tamén se fan pedimentos específicos derivados de solicitudes concretas de información.

4. Solicitude de datos.


A UAP, tal e como se indica ao inicio deste apartado, é a unidade encargada de aportar os datos oficiais da UVigo. Polo tanto non só é responsable de recompilalos, tamén debe de responder as peticións de datos que realizan outras unidades e servizos.

Durante o 2023 recibíronse un total de 245 **peticións de datos**, sendo similares ás do ano 2022.



Como podemos observar na gráficas anterior, a evolución do número de solicitudes foi incrementándose o longo dos anos, pasando de 38 no ano 2011 a 118 no ano 2015, baixando lixeiramente nos anos 2016 e 2017, pero a partir do 2018 é constante e sostido, pasando a 172 nos anos 2019 e 2020, e incrementándose despois a 240 no 2021, 243 no 2022 e 245 no 2023.

Das solicitudes recibidas durante o ano 2023, 150 son de usuarios externos, cun 61,22 %, e 95 de usuarios internos, cun 38,78 %.



A gráfica anterior amosa o desglose no periodo 2017-2023 entre o tipo de usuario interno e externo, no ano 2017 o número de pedimentos por parte de usuarios internos foi superior o dos usuarios externos, e o incremento foi constante ata o ano 2021 con 123 solicitudes, diminuíndo despois nos anos 2022 e 2023. En canto os usuarios externos que no ano 2017 foron un total de 36, a progresión foi maior chegando no ano 2023 a 150, e sendo maior o


As dúas gráficas anteriores amosan que a Unidade de Análises e Programas converteuse a unidade centralizadora da información na universidade, e por outra parte, amosa o incremento das necesidades de información tanto por usuarios internos como por usuarios externos.

En cando aos órganos que realizan as peticións podemos ver na seguinte táboa que as 245 peticións se realizan por un total de 14 agrupacións. Sendo o equipo de goberno, como no ano anterior o que máis peticións realiza, cun total de 39, seguido polo INE, con 34, os centros con 33 e o SIIU e os rankings con 25.


Táboa 1: Órganos que realizan pedimentos de datos 2023.

Órgano	Número de peticións	Órgano	Número de peticións
Equipo de goberno	39	Dereito de acceso	13
INE	34	CRUE	11
Centros	33	IGE	10
SIIU	25	Xunta de Galicia	9
Ranking	25	Outro interno	3
Servizos	23	SICTI	3
Outro externo	15	Universidades	2


Segundo o tipo de dato solicitado, os informes seguen a ser os datos máis destacados, tratándose de información puntual e concreta que se solicita internamente dende servizos propios da UVigo ou externamente dende outras institucións. Son datos que non están publicados no Portal de Transparencia ou que requiren unha maior elaboración para dar resposta a cuestións máis detalladas que precisan as persoas ou órganos peticionarios.



En canto ás solicitudes por área, as áreas que teñen un maior número de peticións no 2023 son a académica e a xeral, con 87 e 83 respectivamente, das que se require información diversa. Na área académica submínistrase información de: datos de alumnado (movilidade, créditos matriculados, datos de acceso ...), datos sobre matrícula, materias, entre outros. Na área xeral a información que se fornece é para enquisas, rankings ou peticionarios internos referidas á información xeral da nosa universidade. As áreas das que menos información se solicita son a de investigación con 16 solicitudes e a económica, con 10 solicitudes. Sendo á área de persoal con 49 solicitudes, o valor intermedio.




Con respecto ao tempo de resposta no 2023, a maioría (55,92 %) prodúcese dentro da primeira semana. Das respostas dentro da primeira semana un 35,10 % prodúcese no mesmo día ou no seguinte.




Táboa 2: tempo de resposta por tipo de petición 2023.

Tipo de petición	Mesmo día ou no seguinte	Nunha semana ou menos	De dúas a tres semanas	De tres a catro semanas	Máis dun mes	Total
Informe	65	29	18	13	10	135
Estatística	10	16	12	30	9	77
Ranking	5	5	2	3	10	25
Indicador	6	1	1	0	0	8
Total	86	51	33	46	29	245

En canto á evolución con respecto aos anos anteriores podemos ver que existe certa tendencia nos tempos de resposta.



En canto ao número de peticións ao longo do ano podemos ver no seguinte gráfico que os meses que menos peticións se reciben son os de agosto, decembro e xuño, mentres que os de maior afluencia de peticións son os de marzo, febreiro e novembro. O primeiro semestre do ano recibíronse un total de 145 peticións (59,18 %), tendo o segundo semestre un total de 100 peticións (40,82 %). Como podemos ver na gráfica a evolución das peticións ao longo do ano é moi similar para o período comprendido entre o 2017 e o 2023.



5. Estatísticas.

A UAP recompila datos que permiten prover a información para as estatísticas oficiais, entre elas as de participación obrigatoria como as do INE, ou as da CRUE, ou SIIU.

Con respecto ao INE, Instituto Nacional de Estadística, realízase a recollida de información para a “**Encuesta Trimestral de Coste Laboral**”, na que se informa trimestralmente de: número de traballadores/as cos que existe obriga de alta na Seguridade Social, o número de días de alta en dita relación laboral, número de traballadores/as a tempo completo, número de traballadores/as a tempo parcial, vacacións anuais, festas non oficiais, horas extraordinarias/complementarias, tempo traballado e non remunerado, retribucións bruta, percepcións salariais e non salariais, indemnizacións por despedimento, cotizacións á seguridade social e vacantes e ofertas de emprego. Esta enquisa é unha operación estatística continua de periodicidade trimestral en tres contas de cotización que ten por obxectivo coñecer a evolución do custe laboral medio por traballador/a e por hora efectiva de traballo. Ao mesmo tempo está acompañada dun resumo anual denominado “**Encuesta anual de coste laboral**”.

Para o INE, debido á demanda e necesidade crecente de información sobre as desigualdades salariais, é preciso coñecer a distribución dos salarios anuais tendo en conta certas características individuais tales como a ocupación ou a categoría profesional do traballador. Para elo é preciso a cumprimentar a “**Encuesta Anual de Estructura Salarial**”, na que se solicita a antedita información, para determinados traballadores da Universidade. Esta enquisa proporciona datos da ganancia bruta por traballador clasificada por tipo de xornada, sexo, actividade económica e ocupación.

O INE tamén solicita información na enquisa **INE I+D**, que recolle información estatística sobre actividades de I+D, enmarcada dentro do plan estatal de estatística de ciencia e tecnoloxía, promovida pola Oficina de Estatística da Unión Europea (EUROESTAT), e ten como finalidade cuantificar as actividades de I+D. A UAP recolle, traballa e xestiona a seguinte información para esta estatística: información sobre biotecnoloxía, os seus usos

na medicina, en procesos agrícolas, en tecnoloxía dos alimentos, na industria e a desenvolvida en ambientes mariños e acuáticos; así como información relativa a actividades de investigación científica e desenvolvemento experimental (I+D), englobada en investigación básica, aplicada e desenvolvemento experimental e tendo en conta o persoal que é empregado nestes ámbitos e o persoal de apoio, en disciplinas como ciencias exactas, naturais e enxeñaría, sanidade, agricultura e veterinaria e ciencias sociais e humanidades.

O INE realiza un total de **34 peticións** ao longo do ano, 24 delas que teñen relación coa área de persoal, 4 coa área económica e 1 coa área de investigación.

A UAP tamén é a responsable de trasladar a información ao “**Registro Central de Personal**”, regulado polo artigo 71 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado, e é o órgano da Administración do Estado no que se inscribe o persoal ao seu servizo e se anotan, preceptivamente, todos os actos que afecten á súa vida administrativa. Este rexistro, permite ás unidades de RRHH da Administración do Estado e das Universidades públicas o envío de documentos que recollen os actos relativos ao seu persoal. Anualmente esta entidade elabora o “Boletín Estadístico”. A información que se facilita versa sobre o persoal auxiliar e de servizos que ten condición de funcionario/a de carreira ou interino/a, así como o persoal docente e investigador que se atopa contratado con duración determinada ou indefinido.

O número habitual de actuacións que se realizaban a este respecto eran 2 con peticións nos meses de xaneiro e xullo. Trala solicitude do mes de xaneiro e o envío da información correspondente, no mes de xuño se nos informa de que a información relativa ao RCP non se vai volver a solicitar ás universidades.

Con respecto á información que se recolle para a Conferencia de Rectores/as da Universidades españolas (**CRUE**), a UAP facilita a información o “Informe de Investigación y transferencia de conocimiento (**I+TC**), que da lugar ao “Informe Información y

Transferencia del Conocimiento en las Universidades Españolas” e a sectorial da CRUE “I+D+I de CRUE universidades españolas”. Nel se recolle información xeral da universidade, o seu presuposto, o seu persoal e o seu gasto en I+D, os RRHH dedicado a funcións de xestión de I+TC, os proxectos de investigación (colaborativos e non colaborativos), o equipamento, instalacións ou edificios dedicados á investigación, a formación, contratación e mobilidade de investigadores/as e persoal técnico e de apoio, outras axudas competitivas de investigación, patentes, outras formas de protección, os acordos de explotación da propiedade intelectual ou industrial, os contratos e convenios de I+D, os contratos de apoio técnico e prestacións de servizos, as cátedras, a creación de *Spin-off* e *Start-ups*, e a divulgación e popularización do coñecemento.

Finalmente a CRUE realiza a estatística denominada “**Universidade española en cifras**” (CRUE-UEC), na que a UAP realiza a recollida de datos relativos a: demanda e oferta de ensinanzas oficiais de grao e posgrao, axudas ao estudo, recursos humanos, recursos orzamentarios, investigación, rendemento e miscelánea (información sobre prácticas, edificios e instalacións, colexios maiores, servizos de orientación académica ou actividades culturais). Esta enquisa recolle un total de **124 items** que inclúe dende o número de alumnado de novo ingreso en preinscrición, estrutura das bolsas e axudas ao estudo, estrutura do persoal, tanto laboral como funcionario, detalle da liquidación orzamentaria, indicadores de investigación ou comportamento académico.

Ademais da información anterior a CRUE solicitou datos no 2023 relativos á boas prácticas PDI con discapacidade, datos académicos e investigadores ucráinos, así como datos de profesorado e alumnado de Costa Rica, ou a Enquisa de autodiagnóstico en sostibilidade ambiental.

En relación á CRUE realízanse un total de **11** actuacións.

A UAP tamén recolle indicadores de **actividade de cultura científica**, para facer fronte aos requirimentos de información da FECYT (Fundación española para la ciencia y la tecnología), que analiza a evolución dos indicadores máis relevantes de recursos e

actividades en cultura científica de universidades, organismos públicos de investigación e museos de ciencias. No formulario que acompaña solicítase diversa información relativa a actividades de cultura científica, entendendo como tales aquelas iniciativas de divulgación e comunicación da ciencia que pretenden transmitir coñecementos e acercar a investigación ao público non especializado e fomentar á participación cidadá no debate científico. Entre a información que se solicita vemos diversos datos sobre cultura científica: gasto dedicado, programas de mestrado e doutoramento dedicados á formación en cultura científica, persoal, actividades (feiras, conferencias, talleres, exposicións, visitas guiadas, publicacións e materiais en liña) e proxectos de difusión presentados a convocatorias públicas. Non obstante na anualidade do 2023 a FECYT non fixo ningunha solicitude de datos relativos á cultura científica.

O SIIU (Sistema Integrado de Información Universitaria) é unha plataforma de recollida, procesamento, análise e difusión de datos do Sistema Universitario Español. É tamén unha ferramenta primordial para a obtención das estatísticas oficiais, recollidas no “Plan Estadístico Nacional”. A UAP é a encargada de subministrar ao SIIU toda a información oficial da UVigo. O SIIU está dividido en diferentes áreas e en cada unha delas dispóñense diversas variables e indicadores que permiten realizar un análise exhaustivo das diversas dimensións do sistema universitario. A información que se recolle é a seguinte: **área auxiliar** (centros, unidades, e estudos impartidos), **área académica** (estudantado coas súas características curriculares, sociais e demográficas, procesos de PAU e preinscrición), **área de recursos humanos** (persoal docente e investigador e persoal de administración servizos coas súas características profesionais, sociais e demográficas), **área económica** (contas anuais das universidades, as súas liquidacións orzamentarias, e os indicadores financeiros), **área de becas e axudas ao estudo** (becas concedidas polo Estado, as comunidades autónomas, as universidades e información curricular e sociodemográfica das persoas beneficiarias), **área de I+D** (actividade investigadora e innovadora) e **área de inserción laboral** (entrada e mantemento das persoas egresadas no mercado de traballo).

O SIIU realiza tamén unha recollida de datos referidos ao **índice de dixitalización** das universidades públicas españolas. Estes datos teñen relación coa xestión de fondos europeos, especificados no Real Decreto 641/2021, de 27 de xullo, polo que se regula a concesión directa de subvencións ás universidades públicas españolas para a modernización e dixitalización dos sistema universitario español, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia.

Na recollida de datos para SIIU, aínda que o proceso pode diferir dependendo da área da que se deban prover datos en termos xerais a UAP inicia o proceso de traballo de cada unha das áreas solicitando a información correspondente a un ou máis servizos da UVigo. O seguinte paso é elaborar arquivos Excel, cuns formatos específicos que marca SIIU, para a recollida de información. Logo do cal os arquivos deben enviarse a través dunha aplicación web específica para a súa validación. Realízase unha primeira comprobación por parte de SIIU, no caso de existir erros ou de detectarse incongruencias nos datos facilitados estes serán rexeitados para a súa rectificación. A rectificación de erros implica, nalgúns casos, a necesidade de volver poñerse en contacto cos servizos responsables para que realicen as modificacións necesarias nas aplicacións informáticas, bases de datos ou sistemas de rexistro que os sustentan. É polo tanto un proceso laborioso de detección de información incorrecta, erros e curación de datos.

Logo da subsanación dos erros, ou no caso de que se observe que todos os datos son correctos, ou se só presentan deficiencias pouco importantes, os ficheiros pasan a unha segunda fase de validación, na que se cruzan datos con outros ficheiros/informacións que xa se atopan no sistema de anos anteriores. Se SIIU identifica incoherencias é preciso volver a realizar unha nova fase de corrección de erros, que pode dar lugar a un novo proceso de contacto con servizos a unidades ata que se consiga que os datos sexan un reflexo correcto da realidade. Esta parte do proceso non remata ata que SIIU non realiza a validación final dos ficheiros, que logo deben pasar aínda por dúas novas validacións, a da propia UVigo e, con posterioridade, a da entidade responsable dentro da Comunidade Autónoma, neste caso a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Logo das tres validacións, SIIU, UVigo e Comunidade autónoma, SIIU comeza o seu proceso de elaboración de indicadores, que quedan dispoñibles na súa plataforma para a súa revisión e validación definitiva. No caso de que se detecten erros é preciso volver a iniciar todo o proceso dende o seu inicio.

Todo este proceso está suxeito a un proceso de cargas e validacións que dura todo un ano natural. Así o ficheiro de auxiliares debe realizar todo o seu proceso entre os meses de outubro e decembro. A área académica (inclúe acceso, avance de matrícula, rendemento e mobilidade de alumnado) ten un proceso que vai dende o mes de novembro, todo o ano natural seguinte, ao de xaneiro posterior. A área de RRHH inicia o proceso no mes de xuño e remata en decembro. A área económica inicia en febreiro e remata no mes de maio. A área de bolsas e axudas ao estudo inicia no mes de febreiro ata o mes de abril.

O SIIU é un dos órganos peticionarios que maior número de peticións realiza ao longo do ano, un total de **25** que se distribúen dun xeito estable ao longo do ano.

Dende o Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades tamén se recolle información para o **Sistema de Información sobre Ciencia, Tecnología e Innovación**, como instrumento de captación de datos e análise para a elaboración e seguimento da “Estrategia Española de Ciencia y Tecnología”, da “Estrategia Española de Innovación” e dos seus plans de desenvolvemento. A UAP recolle información para cumprimentar os seis ficheiros que corresponden a dito sistema de información. Ditos ficheiros son os seguintes: ficheiro 1, que recolle todas as actuacións de axudas á I+D+I que se convocan dende a AGE e as CCAA; ficheiro 2, neste ficheiro recóllese o presuposto previsto inicialmente para a financiación das actuacións de axudas á I+D+I; ficheiro 3, neste ficheiro recóllense todas as solicitudes presentadas para cada unha das actuacións recollidas no ficheiro 1 que cumpriron os requisitos exixidos pola convocatoria; ficheiro 4, recolle todas as operacións asociadas a cada unha das solicitudes presentadas que están recollidas no ficheiro 3; ficheiro 5, recolle o orzamento coa que se van a financiar as operacións que foron concedidas, refírese aos importes recollidos na resolución global da convocatoria; e o ficheiro 6 recolle información

referida as persoas investigadoras que están involucrados en operacións en I+D+I recollidas ao ficheiro 4, así este ficheiro inclúe tanto as persoas beneficiarias de axudas de RRHH, como aos/as investigadores/as principais dos proxectos, os/as que forman parte dos equipos e grupos de investigación que participan nas operacións recollidas.

No 2023 realizáronse un total de **3 actuacións**, relacionadas coa transferencia do coñecemento.

No ano 2022 a UAP subministra por primeira vez información ao **Instituto Galego de Estatística (IGE)**. En concreto nunha “Enquisa sobre as vacantes nas empresas, grao de utilización da capacidade produtiva e indicado de sentimento do sector servizos”. Na mesmaSe trasládase información sobre a identificación da entidade, a súa actividade, o número de vacantes ou ofertas de emprego que a entidade ten en Galicia, motivo da inexistencia de vacantes, no seu caso, motivo da non cobertura das vacantes existentes e intensidade de uso da capacidade produtiva.

No ano 2023 realizáronse un total de **10 actuacións** relacionadas con esta enquisa. Ademais cabe destacar que no 2023 o IGE solicita á nosa universidade datos SIIU de varios cursos (auxiliar, acceso, avance, mobilidade, recursos humanos e rendemento).

6. Xestión de indicadores e programas institucionais.

A UAP ten encomendadas as tarefas relativas ao cálculo de indicadores precisos para diversos programas: contrato programa de centros, programa de seguimento de titulacións oficiais e programa de certificación do Sistema de garantía interna de calidade dos centros.

Dentro dos **contratos programa de centros** a UAP realiza en outubro o cálculo de indicadores establecidos na normativa e que serven de base para o reparto orzamentario. O modelo actual de financiamento dos centros foi creado e consolidado ao longo dos anos de vida da Universidade de Vigo. Co obxecto de dotar de financiamento aos centros e para facilitar a autonomía na toma de decisións ás equipas de dirección e decanatos, créase un financiamento básico que foi variando de composición ao longo dos anos. O financiamento básico complementábase con achegas de carácter finalista ou por obxectivos.

A UAP recibe para este cálculo información de diversas fontes e tipo: persoal por centro (PAS e PDI), diversos datos relacionados co alumnado, mobilidade, investigación e transferencia ou patentes entre outras. Con ditos datos realízanse os cálculos para determinar os indicadores correspondentes ás categorías: calidade, docencia, investigación, transferencia, emprego e mobilidade. Dentro destas categorías podemos atopar indicadores tales como: taxas de graduación, rendemento, abandono, adecuación ou captación de mestrado, patentes concedidas, spin off, produción científica e teses defendidas, entre outros.

Pódese consultar máis información ao respecto dos Contratos programa de centros na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/informacion-institucional/presupuestos/contratos-programa-centros>

O **programa de seguimento de titulacións oficiais** ten por obxecto proporcionar ás comisións de centro os indicadores necesarios para a elaboración da memoria de

seguimento das titulacións. Para iso, mantense actualizado no apartado de Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia o catalogo de indicadores.

Durante o 2016, coa participación da ACSUG, as áreas de calidade das tres universidades galegas, a Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo (EIDO) e a propia UAP, definiuse o catálogo de indicadores e o procedemento para a implantación dos mesmos. Así no 2017 créanse por primeira vez os indicadores de seguimento de doutoramento.

Finalmente, o **programa de certificación do sistema de garantía interna de calidade dos centros** ten como obxectivo xestionar de forma sistemática e estruturada a calidade dos centros e títulos cunha orientación cara a mellora continua. A implantación dun sistema de garantía de calidade é, polo tanto, unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora permanente dos centros e das titulacións oficiais. A UAP realiza o cálculo e publicación dos indicadores do panel do Sistema de Garantía interna de centros.

Os indicadores dos programas de seguimento de titulacións oficiais e do programa de certificación do sistema de garantía interna de calidade dos centros atópanse recollidos no Portal de Transparencia, no apartado de UVigo en cifras. Boa parte dos mesmos calcúlanse de xeito automático a través da aplicación MicroStrategy, pero é preciso realizar un mantemento e revisión constante dos mesmos para asegurar que non se producen erros nos datos oficiais aportados. Dita revisión é realizada pola UAP co concurso e apoio constante dos servizos informáticos.

Para garantir unha consulta adecuada e estable dos diferentes indicadores, durante o ano 2020 se recolleron e publicaron no Portal de transparencia como **arquivos Excel estables**.

Pódese consultar máis información ao respecto ós indicadores nas seguintes ligazóns:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/51>

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/22>

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/34>

No 2023 A UAP tamén colaborou coa recollida de **indicadores para a acreditación dos campus especializados**. Nesta anualidade solicitaron datos os campus especializados Campus Crea e Campus Auga. O procedemento para a acreditación dos campus de especialización do Sistema universitario de Galicia está establecido na Orde do 10 de setembro de 2019 da Xunta de Galicia, que entende como campus de especialización aquel que foi desenvolvido mediante convenios entre unha universidade galega e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.


7. Xestión do sistema de QSP

Debemos destacar que no 2019 realizase a aprobación definitiva do Regulamento do Sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns, no Consello de Goberno do 29/04/2019, coa finalidade de establecer unha normativa que lle dea un trato homoxéneo ás queixas, suxestións e parabéns. O sistema de QSP permite que se tramiten as manifestacións de insatisfacción cos servizos que presta a Universidade de Vigo, as iniciativas para mellorar a súa calidade e os recoñecementos polo bo funcionamento, garantindo unha resposta clara e axustada sobre as actuacións realizadas e, no seu caso, das medidas adoptadas. O seu ámbito de aplicación esténdese á totalidade da UVigo e quedan excluídas aquelas incidencias que teñan un procedemento específico.


As QSP rexistráronse por un formulario electrónico ao que se poderá acceder dende todas as páxinas web da UVigo e será respondida pasa a ser a través da aplicación informática habilitada a tal efecto.

No ano 2023 recibíronse na caixa de QSP un total de **733**. De todas elas, 551 QSP correspondentes as categorías de queixa, suxestión e parabén.

Centrándonos nas QSP no 2023 houbo un ascenso moi importante do cómputo global de queixas, suxestións e parabéns, respecto ao 2022. Dentro de cada unha das categorías vemos que a que maior aumento ten son as queixas, que case se duplican con respecto ao ano anterior, seguido dos parabéns que aumentan en 16 e as suxestión unha evolución máis plana.



No 2023 realizáronse un total de 164 actividades na aplicación, que se atopan relacionada coa xestión de altas, baixas e modificacións das persoas usuarias nas diversas unidades responsables da xestión de QSP. En total foron 88 altas de usuarios ou unidades, 67 baixas e 9 modificacións de datos.




O informe de QSP, segundo se estipula no regulamento, é emitido anualmente. Nel pode atoparse información detallada sobre os traballos de mantemento do sistema, os tempos de resposta, as persoas usuarias, o volume de cada unha das categorías (queixas, suxestións e parabéns), o motivo que as xera ou o análise por unidades afectadas. O informe pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/sistema-qsp>

8. Transparencia.


A UAP é a responsable da publicación activa da información pública que se recollen: na Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública, do estado, na lei 1/2016 de transparencia e no goberno de Galicia e no Regulamento de transparencia da Universidade de Vigo. Destes preceptos legais e regulamentarios se toman un total de **89** items, indicadores ou informacións, que procuran aportar información detallada e aportar a máxima transparencia sobre as actividades da nosa institución.

Dentro da xestión diaria do Portal de Transparencia debemos destacar que se publican un total de **201 ficheiros ao longo do ano**, 16 máis que no ano 2022. A publicación deste ficheiros implica, en primeiro lugar, a recollida de datos de diversos servizos e unidades da UVigo. A recollida de información é realizada pola UAP, en diversos momentos ao longo do ano, un total de cento dúas peticións de datos e información que deben ser logo elaborada. Sobre a información recollida a UAP realiza diversas actividades e cálculos, como poden ser o cálculo de equivalencias a tempo completo, ou a realización de táboas e gráficos para facer máis comprensible e aumentar a usabilidade da información. Os datos recollidos e elaborados tamén se utilizan para a participación en diferentes rankings e a realización das estatísticas oficiais.



Durante o 2023 ampliábase progresivamente a información dalgúns dos arquivos xa existentes, ampliando a súa capacidade de aportar novo coñecemento sobre diferentes ítems, mellorando a súa preparación e destacando a información máis relevante dos mesmos. É importante resaltar que no 2023 realízanse 3 novas actualizacións (1arquivo, un apartado e 1 nova páxina).

A UAP realiza un esforzo importante por incorporar nova información ao Portal de Transparencia creando novos ficheiros de datos para completar ao máximo posible a información facilitada á cidadanía. No seguinte gráfico pode verse a evolución do número de ficheiros novos que se crearon en cada anualidade dende o 2019 ao 2023.



Por outra banda, na transparencia ten o seu fundamento o dereito de acceso á información pública. Durante o 2023 recibíronse un total de 28 solicitudes de datos que se amparan nas leis anteriores. Con respecto aos datos do 2022 implica 7 solicitudes menos.

Finalmente, é importante destacar que existen institucións que realizan rankings que posicionan ás institucións segundo o grado de cumprimento das obrigas de publicidade activa. O esforzo que se realiza para manter actualizado o Portal de Transparencia e a mellora continua neste senso fai que a UVigo acade posicións moi importantes tanto na clasificación da Fundación HAZ (antes Fundación Compromiso e Transparencia) como na da entidade DYNTRA.

No Ranking da A Fundación Haz, Universidade de Vigo acada o selo **t de transparente***** (categoría tres estrelas) que implica un cumprimento dun 98 %, con 55 puntos sobre os 56 posibles.

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/72>

Con respecto a plataforma DYNTRA, na consulta realizada en decembro do 2023 a posición da UVigo era a terceira, cumprindo cun total de 159 dos 169 indicadores referidos, o que implica un 94,08 % de grao de cumprimento. Debemos de ter en conta que se trata dun ranking absolutamente dinámico polo que a posición dunha institución varía constantemente, en función do grao de cumprimento de indicadores en cada momento.

Máis información sobre a transparencia e as actividades desenvolvidas pola UAP ao respecto poden ser consultadas nos Informes anuais de transparencia, que se atopan na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43>

9. Rankings.

A Universidade de Vigo ten o recoñecemento internacional dalgúns dos rankings universitarios máis relevantes, pero tamén unha presenza moi destacable nas clasificacións que realizan diversas entidades dentro de España.

Debemos ser conscientes que os rankings internacionais comparan sistemas universitarios moi diversos, con características académicas, económicas e socio-políticas moi diferentes, polo que non sempre a comparación é de todo adecuada, xa que as diferenzas son tan salientables que as analoxías resultan limitadas. Aínda así, a posición da UVigo nestes rankings amosa claramente os esforzos da nosa institución para acadar as máximas cotas de calidade na ensinanza superior e permite a comparación con institucións de características similares.

A UAP é a unidade que centraliza as peticións de información dos rankings nos que participa a Uvigo. A participación nos rankings implica a recompilación da información de diversas fontes e servizos, o seu tratamento a través de follas de cálculo e a introdución dos datos traballados nas correspondentes plataformas xestionadas polas entidades das que dependen os rankings.

Algúns dos rankings nos que participa a UVigo, aos que a UAP lle subministra información son os seguintes:

- O denominado **Ranking de Shanghai**, que clasifica as universidades por varios indicadores académicos, de rendemento da investigación, artigos indexados nos principais índices de citas e o desempeño da organización.
- Ranking mundial de Universidades do **Times Higher Education**, que xulga ás universidades polas súas misións principais: ensinanza, investigación, transferencia do coñecemento e perspectiva internacional. Esta entidade tamén realiza a clasificación do **THE Young University Rankings**, que é unha clasificación de 13 indicadores de rendemento das universidades con 50 ou menos anos. E o **THE**

university Impact Rankings avalía as universidades na relación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas e realizouse por primeira vez no 2019.

- O **QS World University** que compara as mellores universidades do mundo tanto por área e coñecemento, como por empregabilidade dos seus egresados, ou por o número de citacións que reciben os seus artigos en revistas. No 2023 realízase a primeira edición do **QS Sustainability** centrado no desempeño da sostibilidade social e ambiental das institucións e educación superior
- O **Green Metric** ten como obxectivo proporcionar o resultado dunha enquisa en liña sobre a condición actual e as políticas relacionadas coa sostibilidade das universidades do mundo, intentando chamar a atención sobre a loita contra o cambio climático, a conservación da enerxía e a auga, a reciclaxe de residuos e o transporte ecolóxico.
- O **informe CYD** fai unha análise dos características básicas do sistema universitario español, recollendo datos moi variados, dende o desempeño dos universitarios, á estrutura, pasando por cuestións relacionadas co persoal ou a financiación. Analizando catro grandes apartados: ensinanza e aprendizaxe, investigación, transferencia e coñecemento así como a súa orientación internacional
- O xornal **El Mundo** solicita información anual para realizar dous suplementos: un que recolle as 50 titulacións máis demandadas polos estudantes (Suplemento 50 carreras) e outro que se dirixe a persoas recentemente tituladas e que aporta información de 250 másteres (Suplemento 250 máster).
- O **Clarivate analytics**, recolle datos e cifras sobre a actividade de investigación, a financiación, o estudantado e o persoal , que complementa con datos tomados de *Incites* para realizar un ranking global de perfís institucionais. Esta clasificación, ao mesmo tempo subministra información ao outras clasificacións, coma por exemplo o *Best Global University Ranking* do US NEWS ou o *Round University Ranking*.
- **Forbes**, que realiza a publicación dunha lista das mellores universidades de España. Para o cal recolle información sobre: o acceso, prezo e accesibilidade das

instalacións para alumnado con necesidades especiais; o prestixio percibido e a experiencia do alumnado; a preparación para a vida laboral; a investigación; a perspectiva internacional e os recoñecementos cos que conta a universidade.

Cada ano a UAP realiza un informe sobre o posicionamento da UVigo nos Rankings, no que se recolle a información dos rankings nacionais e internacionais e que pode ser consultado na seguinte ligazón, na que tamén se pode consultar un boletín coas novas de rankings publicadas en prensa:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/56>

10. *Responsabilidade social.*

Na UVigo elabórase dende o 2011 a Memoria de Responsabilidade Social Universitaria (RSU), que pretende ter un impacto real que chegue a todas as partes interesadas e que sexa un documento útil en prol da mellora continua. A memoria é un importante elemento de rendición de contas para transmitir á sociedade o desempeño ambiental, económico e social da universidade.

A UAP realiza, xunto coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e cooperación, a Memoria de RSU da nosa universidade, recompila os datos necesarios para reflectir a información da UVigo en relación coa Responsabilidade social, realiza gráficos e táboas e redacta o contido da mesma.

As memorias publicadas poden ser consultadas na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/47>

A UAP realiza dende o ano 2020 un informe detallado sobre a posición da Universidade de Vigo no THE Impact Ranking, que avalía a o desempeño nos 17 Obxectos do Desenvolvemento Sostible (ODS). Nel reflíctese a posición global da nosa universidade, así como a posición acadada en cada un dos ODS, as métricas que avalía o ranking as que debemos mellorar. Máis información detallada pode atoparse no seguinte enlace:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/64>

Dun xeito similar, no 2023 realizamos o “Informe 2022 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030”, que ten como obxectivo analizar as metas dos 17 ODS e presentar as evidencias coas que a Universidade de Vigo está contribuíndo para acadalos. Más información pode atoparse no seguinte enlace:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/71>

No 2023 a UAP realiza o “Informe de posicionamento da Universidade de Vigo no Ranking Green Metric 2022”. Este ranking ten como obxectivo proporcionar o resultado dunha enquisa en liña sobre a condición actual e as políticas relacionadas coa sostibilidade das universidades do mundo, intentando chamar a atención sobre a loita contra o cambio climático, a conservación da enerxía e a auga, a reciclaxe de residuos e o transporte ecolóxico. Neste informe analízase a posición global acadada pola Universidade de Vigo, as súas puntuacións en cada un dos items e as métricas que precisan mellorarse. Máis información pode atoparse neste enlace:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/69>

11. *Plan estratéxico.*

No Consello de Goberno do 21 de decembro do 2020, apróbase o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo para o período 2021-2026 a través do cal nosa institución, no seu conxunto, ten a oportunidade de fixar onde e como quere verse no futuro, definindo as políticas e as medidas que se deben implantar para facer realidade ese obxectivo.

A elaboración dun plan dun Plan Estratéxico é un traballo de reflexión, de autocrítica e de innovación que só se pode facer dende a propia institución e polos seus grupos de interese. Para a súa posta en marcha revisáronse os obxectivos marcados no anterior plan así como o grao de cumprimento acadado e estableceuse unha visión e proxección da institución cara o futuro.

A comisión de seguimento do Plan Estratéxico leva a cabo a súa tarefa anualmente, analizando o desenvolvemento do mesmo, a implantación das accións estratéxicas e o grao de consecución dos obxectivos incluídos no documento.

A Unidade de Análisis e programas recompila indicadores para fornecer a información para o seguimento do Plan Estratéxico, ben de forma directa ou implicando a outros Servizos e Vicerreitorías correspondentes.

Para máis información sobre o Plan estratéxico 2021-2026 e os seus informes de seguimento pódese consultar o seguinte enlace:

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/plan-estratexico-2021-2026>

12. Informes.

Na UAP elabóranse unha serie de informes que testemuñan a nosa actividade en diferentes áreas de traballo.

Así, dende o 2010, elaboramos anualmente o noso **Informe de actividades**. Nel reflíctense as nosas actividades ao longo do ano o que nos permite render contas con transparencia sobre o nosos traballo. A elaboración deste informe aporta evidencia que amosa o compromiso da universidade coa meta dos ODS 17.8, a cal busca aumentar de forma significativa a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de gran calidade no ODS 17 da Axenda 2030 e tamén serve como evidencia para o THE Impact Ranking.

A elaboración do **Informe de transparencia**, recollida como obriga no artigo 22 do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo, ten como obxectivo recoller as actividades realizadas na área de transparencia. Este informe aporta evidencia que amosa o compromiso da universidade coa meta 16.6, que busca crear institucións eficaces e transparentes, que rendan contra á sociedade no ODS 16 da Axenda 2030 e tamén serve como evidencia para o THE Impact Ranking.

A elaboración do **Informe da presenza da Universidade de Vigo nos principais rankings universitarios**, ten como obxectivo dar conta dos rankings, tanto nacionais como internacionais, nos que está presente a nosa universidade. Este informe utilízase como evidencia para o indicador 10.4 do ranking de transparencia elaborado pola Fundación Haz.

A elaboración do **Informe de posicionamento da Universidade de Vigo no “Ranking Green Metric”**, da conta do compromiso da nosa universidade cos sostibilidade, en particular coa loita contra o cambio climático, a conservación da enerxía e a auga, a reciclaxe de residuos e o transporte. Este informe axuda a dar reporte da obriga, establecida pola Lei Orgánica do Sistema Universitario, da promoción de campus climaticamente sostibles e da estratexia de mitigación e adaptación ao cambio climático. Tamén serve como

evidencia na medición dos impactos establecidos no estándar GRI, utilizado para a elaboración da memoria de responsabilidade social da nosa universidade.

A elaboración do **Informe dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030**, ten como obxectivo analizar as metas dos 17 ODS e presentar evidencias coas que a Universidade de Vigo está contribuíndo a logralos. A motivación principal para a realización deste informe é xustificar no THE Impact Ranking o ODS 17, do que é obrigatorio presentar evidencias xunto con, polo menos, outros tres ODS máis, para poder participar. Finalmente a UVigo presenta evidencias de cumprimento na totalidade dos 17 ODS e a publicación do informe posibilitou mellorar a posición da universidade, pasando da posición 201-300 á 101-202. Ao mesmo tempo este informe tamén contribúe ao cumprimento das obrigas establecidas na LOSU respecto aos ODS.

A elaboración do **Informa do sistema de queixas, suxestións e parabéns** realízase anualmente dende a implantación do sistema no 2010, sendo establecido como obriga no artigo 17 do Regulamento do sistema de queixa, suxestións e parabéns (QSP), no que tamén establece a súa periodicidade anual. O informe da conta das QSP que se presentan no caixa electrónica habilitada para tal efecto, e serve como evidencia para o sistema de garantía de calidade dos centros.


A elaboración da **Memoria de Responsabilidade Social** amosa o compromiso no desempeño ambiental, social e económico da Universidade de Vigo.

Na Unidade de Análises e Programas tamén se elaboran anualmente dous boletíns que recollen novas da prensa e do DUVI. Estes boletíns son o **Boletín de novas de rankings**, que serve para acreditar a repercusión social que teñen as novas sobre a posición da Universidade de Vigo nos rankings, tamén se publica o **Boletín de novas de premios e distincións** que recompila os premios e distincións que son recibidos por membros da comunidade universitaria de parte de numerosos organismos, institucións ou entidades empresariais.

13. Organización .

No 2022 foi presentado á Xerencia unha proposta de modificación da RPT da que se informou na anterior edición da memoria. O aumento das cargas de traballo segue incrementándose tal como amosa a evolución do número de pedimentos, estatísticas, indicadores institucionais, rankings, informes de transparencia e número de indicadores do plan estratéxico ós que hai que dar resposta e no menor tempo posible.

No referido escrito solicitouse á Xerencia a creación de 2 postos da escala *Técnica de Análise de datos*, subescala *Datos (escala e subescala de nova creación)* con destino na UAP, para poder crear un potente sistema información en Datas Warehouse que permitan a automatización de procesos de recompilación, custodia, tratamento e visualización de datos.



Durante o ano 2022 estivemos en contacto con unidades de datos de outras universidades españolas, as cales agradecemos a súa atención, e que contan con dotacións de técnicos informáticos para a xestión dos seus sistemas de información a través de Data Warehouse.

A carga de traballo da UAP incrementouse notablemente dende o 2017 e xa non é sostible seguir mantendo un sistema de información mediante Excel cando o lóxico é a utilización de sistemas de información soportados por Data Warehouse, por iso, é necesario contar con persoal adscrito propio na unidade e especializado na xestión de sistemas de datos.

O obxectivo é converter os datos en activos xestionables para xerar un capital de información que permita mellorar a xestión e a toma de decisións baseada en evidencias e datos.

A mellora toma de decisións melloraría a eficacia e a eficiencia nos procesos administrativos e de xestión da universidade o dispoñer dunha información fiable, escalable, perdurable, automatizada, íntegra, única e veraz, e por outra parte, como un importante elemento de rendición de contas á sociedade ao amosar en aberto a información publicada nas diferentes memorias e no Portal de Transparencia, ou no seu caso cando se dispoña, no Portal de Datos Abertos.

14. Principais necesidades detectadas.

As necesidades detectadas en anos anteriores seguen manténdose durante o ano 2023. A continuación detállanse a relación das mesmas xa presentadas en anos anteriores:

- Creación dunha **nova web para o Portal de Transparencia**, a cal permita unha xestión máis áxil do mesmo. O novo espazo web posibilitaría pasar de xestionar 130 páxinas diferentes, que son as do actual portal, a un espazo no que a información se puidese reestruturar, aproximadamente, nunhas de 30 páxinas. O que posibilitaría, non só unha xestión máis eficiente do Portal de Transparencia, tamén melloraría a accesibilidade á información e a súa usabilidade.

A Fundación Haz indica nos seus informes de transparencia o seguinte *“Entendemos por transparencia voluntaria en la web el esfuerzo por difundir y publicar la información relevante de la organización, haciéndola visible y accesible a todos los grupos de interés de manera íntegra y actualizada”*. Dispoñer dunha nova páxina axudaría a mellorar a visibilidade e accesibilidade á información publicada no Portal de Transparencia.

- A creación dun **módulo de enquisas na aplicación informática de QSP**, para dar cumprimento ó apartado 2 do artigo 16 do regulamento do Sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns, o cal indica: *“Así mesmo, estableceranse métodos e sistemas para medir e avaliar a satisfacción das persoas usuarias. Deste xeito, xunto coa comunicación da resolución e, por conseguinte, peche da QSP, enviaráselle á persoa interesada unha enquisa na que se solicite a súa valoración sobre o grao de satisfacción coa resolución adoptada e as xestións realizadas”*.
- **Data warehouse académico**: mellora do sistema de tratamento de datos “académicos” para dar soporte ós procesos de acreditación das titulacións de grao, máster e doutoramento. O mal funcionamento do sistema do Data Warehouse impide ofrecer a información dunha forma accesible, gráfica e fiable directamente, o que levou dende o ano 2020 a publicar a información en Excel, restando a explotación dunha potente ferramenta de analítica de datos.

- A aplicación dunha ferramenta de **análise de visitas no Portal de Transparencia** para dar cumprimento o artigo 22.3 do regulamento de transparencia e acceso á información pública, o cal establece que se publicará *“Os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos”*.
- A publicación unificada do **perfil do profesorado** da universidade, o que significa que a información académica, investigadora e de xestión de cada profesor estea dispoñible nunha única páxina web e sexa facilmente accesible.
- **Portal de datos abertos**, tal e como se recolle no artigo 9 do Regulamento de Transparencia e bo goberno da UVigo “este portal é o catálogo de información reutilizable que recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos, así como as súas condicións de actualización, de acceso e utilización”. O portal de datos aberto, segundo este artigo, debe ser accesible desde o portal de transparencia, e será o punto de acceso ao catálogo de información reutilizable. Na disposición transitoria do antedito regulamento indícase que no prazo de seis meses, dende a entrada en vigor do mesmo, a universidade publicará o portal de datos abertos. Tendo en conta que o regulamento entrou en vigor na data da súa aprobación polo Consello de Goberno, é dicir o 9 de outubro de 2017, neste momento o retraso no cumprimento deste precepto é de máis de dous anos.

15. Plan de financiamento do SUG 2022-2026 e custos da Unidade de Análises e Programas.

O 28 de decembro de 2021 publicouse o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021 pola que aprobou o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026, e no que se establece un **cadro de mando** no que se rexistrarán os datos de cada unhas das variables para a medición dos principais elementos de funcionamento das universidades que faciliten a toma de decisións e como elemento de rendición de contas. Xunto o cadro de mando tamén se establece un **panel de indicadores** que recolla os resultados das principais accións das universidades.

O cadro de mando e o plan de indicadores alimentárase con fontes e datos medibles e accesibles, tal como se indica o para o quinto subfondo do panel de indicadores de resultados *“... empregaranse sempre, datos medibles e obxectivos, obtidos de fontes contrastadas e que sexan accesibles a todas as partes implicadas. Neste senso, o desenvolvemento do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU), as bases de datos homoxéneas e outras fontes contrastadas, permiten contar con elementos de medida non suxeitos a discusión sobre a súa fiabilidade e transparencia”*.

Aquí entra o traballo desempeñado pola UAP, xa que é a unidade administrativa que subministra a información a outras institucións sobre os que se farán os cálculos financeiros, e polo tanto, a obtención de ingresos económicos que permitan a sustentabilidade da universidade.

No cadro que se publica como **anexo III** desta memoria pódese ver todos aqueles indicadores do subfondo 5 no que a UAP subministra a información a fonte que serve para o cálculo dos mesmo. O traballo de subministración de información afecta a 33 dos 41 indicadores de dito subfondo.

No seguinte cadro pódense ver os custos da Unidade de Análises e Programas segundo a información detallada nos informes de contabilidade analítica dos cursos 2020/21 e 2021/22.

Táboa 3. Contabilidade analítica.

Clase/actividades	Descrición	Importe curso 2020/21	Importe curso 2021/22
02-001002014	Actividades da Unidade de análises e programas	284.886,64	287.931,09

O desempeño das actividades desta unidade repercute no financiamento da Universidade de Vigo, así no orzamento do ano 2022 no Fondo de Financiamento por Resultados, subfondo “*panel de indicadores*” orzamentáronse un total de 19.097.871€ e no orzamento do ano 2023 no Fondo non Condicionado, subfondo “*panel de indicadores*” a cantidade consignada foi de 19.206.723,11€.

Só un dos indicadores do subfondo do “panel de indicadores”, o PAIRS2 de Transparencia Universitaria no que se reparten arredor de 1.500.000€ entre as tres universidades do SUG, e que de acordo cos criterios de reparto establecidos no mesmo, lle correspondería a Universidade de Vigo no reparto dos anos 2022 e 2023 un total estimado de 785.539,47€.

Como se pode observar, o bo desempeño nun só dos indicadores, cubre totalmente os custos de funcionamento da unidade.

16. *Formación.*

Durante o 2023 o persoal da UAP realizou con aproveitamento diversos cursos de formación realizada pola EGAP, pero ningún curso proposto pola UAP e realizado na universidade.

17. *Agradecementos.*

A UAP quere agradecer a todas as persoas, servizos e unidades coas que colaboramos acotío e fan posible que poidamos desenvolver as nosas actividades do día a día. Especialmente a aquelas das que dependemos para a recepción de datos, que envían os ficheiros ou a información que logo será elaborada na unidade para fornecer os indicadores ou contestar as solicitudes que nos chegan.

Un dos nosos maiores agradecementos debe ser, sen dúbida, para os servizos informáticos. A súa labor para o mantemento das aplicacións coas que traballamos día a día e o seu apoio para realizar as tarefas necesarias para facer a curación de datos, fan que poidamos chegar, día tras día, a información e datos máis confiábles posibles.

Anexo I. Cadro de actividades.

UNIDADE DE ANÁLISES E PROGRAMAS - CADRO DE ACTIVIDADES												
	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
INE	RCP						RCP					
		INE_Trimestral 44/16/20				INE_Trimestral 45/16/20		INE_Trimestral 45/16/20			INE_Trimestral 45/16/20	
		INE_Trimestral 44		INE_Trimestral 44			INE_Trimestral 44			INE_Trimestral 44		
				INE_I+D								
				Custo anual						EAES_44	EAES_46/20	
	INE_Comercio			INE_Comercio			INE_Comercio			INE_Comercio		
Ministerio de Ciencia...			Enquisa TCI									
IGE	IGE_Vacantes			IGE_Vacantes			IGE_Vacantes			IGE_Vacantes		
CRUE			CRUE_UC									
			CRUE_CEDRO									
		UNIVERSITIC				CRUE_I-TC						
FECYT										Divulgación científica		
SIU	Rendemento									Auxiliar		Rendemento
	Acoeso											
		Mobildade										
		Becas										
				Avance								
						RFHH PDI						
							RFHH PAS e PEI					
	Dixitalización			Dixitalización			Dixitalización			Dixitalización		
		Económica										
Rankings		THE WUR									THE impact	
		El Mundo 50 carreras		El Mundo 250 máster								
				Clarivate Analytics								
						Shanghai						
										U-multirank (Fundación CYD)		
							GreenMetric					
	QS WUR									Rank Pro	GWC	QS WUR
			Forbes									
Memorias		QSP	Transparencia	UAP			Responsabilidade Social					Datos rankings, premios e distincións
Calidade		Xestión de indicadores										Xestión de indicadores
Contrato programa										Reproducións oficiais indicadores		
Dereito Acceso												Tramitación solicitude de dereito de acceso (datos)
QSP												Xestión do sistema de QSP
Portal												Publicación e actualización de datos no Portal de Transparencia
WEB												Recopilación diaria novas DUVI, premios e rankings// Informes sobre posicionamento en rankings
Datos												Tramitación de pedimento de datos a outras unidades internas ou externas segundo demanda

Anexo II. Cadro de competencias.

	AMBITO FUNCIONAL (COMPETENCIAS)	PROCEDEMENTOS
1	Dataset	Actualización da táboa xeral de pedimentos a unidades e servizos
		Pedimentos mensuais a unidades e servizos
		Recepción e comprobación de datos aportados
2	Solicitudes de datos	Recepción do pedimento e anotación en folla de control
		Estudo da solicitude e preparación de fontes
		Pedimento de datos a outras unidades ou descarga de bases de datos
		Elaboración dos cálculos e envío
3	Estatísticas	Recepción do pedimento e anotación en folla de control
		Estudo da solicitude e preparación de fontes
		Pedimento de datos a outras unidades ou descarga de bases de datos
		Elaboración dos cálculos
		Carga de datos nos portais de organismos (Ine, SIU, Ministerio...)
		Validación de carga e feedback a unidades e servizos
		Validación de datos
4	Xestión de indicadores e programas institucionais	Actualización dos manuais dos catálogos de centros e titulacións, doutoramento e contrato programa de centros
		Mantemento dos indicadores no Portal de Transparencia
		Colaboración no soporte de datos dos programas interuniversitarios con outras universidades
		Subministro de información para os indicadores para a acreditación dos campus especializados e centros singulares
5	Xestión do sistema de QSP	Recepción das solicitudes de QSP
		Análise e clasificación previa e distribución
		Control e seguimento da QSP
		Comprobación da resposta e peche se procede
		Elaboración do informe anual de QSP

	AMBITO FUNCIONAL (COMPETENCIAS)	PROCEDEMENTOS
6	Transparencia	Xestión dos indicadores de publicidade activa (obrigas) recollidos nas leis de transparencia estatal, autonómica e propia, e nos rankings de transparencia da Fundación Haz (Compromiso y Transparencia) e plataforma DYNTRA
		Publicación dos indicadores no Portal de Transparencia
		Colaboración coa Secretaría Xeral na tramitación dos pedimentos de dereito de acceso, particularmente cando se trata de datos
		Difusión da actualización dos indicadores a través da lista de avisos
		Elaboración do informe anual de transparencia
7	Rankings	Recepción do pedimento e anotación en folla de control
		Estudo da solicitude e preparación de fontes
		Pedimento de datos a outras unidades ou descarga de bases de datos
		Elaboración dos cálculos
		Carga de datos nos portais de rankings ou envío
		Elaboración e publicación do informe anual de rankings, informe desempeño no THE Impact e GreenMetric
8	Responsabilidade social	Preparación da estrutura da memoria segundo criterios de GRI
		Pedimentos de datos a outras unidades ou servizos
		Elaboración de táboas e gráficos e actualización da redacción
		Coordinación da revisión e edición
		Publicación da memoria e do resumo da memoria
9	Plan estratéxico	Recompilación e cálculo de indicadores para a elaboración do informe de seguimento anual do Plan Estratéxico.
		Elaboración de diferentes informes que serven como evidencia de diversos rankings e tamén como elementos de rendición de contas cara a comunidade universitaria e á sociedade.
10	Informes	Elaboración de diferentes informes que serven como evidencia de diversos rankings e tamén como elementos de rendición de contas cara a comunidade universitaria e á sociedade.

Anexo III. Plan de financiamento por resultados.

MÓDULO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN INDICADORES	Fonte	UAP
Módulo 1 Financiamento global	PAFI1	Recursos públicos captados	Orzamentos	
	PAFI2	Recursos privados captados	Orzamentos	
	PAFI3	Ingresos propios das universidades	Orzamentos	
	PAFI4	Independencia financeira	SIIU	si
	PAFI5	Endebemento	SIIU	si
	PAFI6	Grao de execución do orzamento de gasto	SIIU	si
Módulo 2 Internacionalización	PAIN1	Posicións destacadas clasificación ARWU	ARWU	si
	PAIN2	Posicións destacadas clasificación THE	THE	si
	PAIN3	Posicións destacadas clasificación QS	QS	si
	PAIN4	Universidades europeas	Eramusplus	
	PAIN5	Publicacións en colaboración internacional	Iune	si
	PAIN6	Profesorado estranxeiro	SIIU	si
	PAIN7	Titulacións en inglés	SIIU	si
	PAIN8	Titulacións conxuntas con universidades estranxeiras	SIIU	si
	PAIN9	Estudantado estranxeiro egresado (grao)	SIIU	si
	PAIN10	Estudantado estranxeiro total matriculado en grao e mestrado	SIIU	si
Módulo 3 Relacións universidade- empresa	PAUE1	Spin-offs	RedOtri/Iune	si
	PAUE2	Contratos I+D e consultarías	Iune	si
	PAUE3	Prestación de servizos	Iune	si
	PAUE4	Ingresos xerados en I+D	Iune	si
	PAUE5	Co-publicacións con empresas	Fundación CYD	si

MÓDULO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN INDICADORES	Fonte	UAP
Módulo 4 Docencia innovadora	PADI1	Taxa de idoneidade	SIIU	si
	PADI2	Taxa de graduación	SIIU	si
	PADI3	Taxa de cambio	SIIU	si
	PADI4	Taxa de abandono	SIIU	si
	PADI5	Máster de excelencia	S.X. Universidades	
Módulo 5 Investigación avanzada	PAIA1	Número de grupos de investigación con axudas vixentes	S.X. Universidades	
	PAIA2	Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais	SIIU	si
	PAIA3	Teses defendidas	Iune/SIIU	si
	PAIA4	Publicacións científicas no primeiro cuartil	Iune	si
	PAIA5	Profesorado que leu a tese no SUG	SIIU	si
	PAIA6	Producción científica	Iune/WoS	si
	PAIA7	ERC no SUG	S.X. Universidades	
	PAIA8	Patentes nacionais	Iune	si
	PAIA9	Extensións PCT	RedOtri/Iune	si
Módulo 6 Responsabilidade social	PAIRS1	Ranking UI GreenMetric	GreenMetric	si
	PAIRS2	Transparencia universitaria	Fundación HAZ	si
	PAIRS3	Ranking Web de universidades	Webometrics	
	PAIRS4	Mulleres no PDI	SIIU	si
	PAIRS5	Estudiantado egresado (graos)	SIIU	si
	PAIRS6	Transición estudiantado grao a máster	SIIU	si

Información de contacto

Unidade de análises e programas.

Edificio Filomena Dato.

As Lagoas Marcosende s/n.

36310 Vigo (Pontevedra)

Tel. 986 818 689

<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas>



